GS CCOO Galicia Sindical

03/22 XUÑO

Órgano de comunicación do S. N. de **CCOO**

■ En CCOO levamos anos traballando a prol dos dereitos sociais e laborais das persoas LGTBI+ e en contra de calquera discriminación por razón de orientación sexual ou identidade ou expresión de xénero. Anos pelexando por erradicar a violencia e por garantir o respecto á dignidade das persoas. / Páxs. 2-3

CCOO loita por uns centros de traballo libres e seguros



Manifesto de CCOO polo Día Orgullo do 2022

En CCOO, como sindicato de clase e axente de igualdade, levamos anos traballando a prol dos dereitos sociais e laborais das persoas LGTBI+ e en contra de calquera discriminación por razón de orientación sexual ou identidade ou expresión de xénero. Anos pelexando por erradicar a violencia e o acoso. Por garantir o respecto á dignidade das persoas e a súa diversidade. Pola salvagarda, en definitiva, dos dereitos humanos.

CCOO fomos, somos e seremos punta de lanza do sindicalismo LGTBI+. E somos conscientes da importancia de subliñar este compromiso, especialmente neste momento en que os discursos de odio campan polos seus respectos e prenden nas rúas, nos barrios, nos centros de traballo. Somos conscientes e gabámonos dos avances dos últimos anos, da nosa contribución a eles, pero tamén sabemos que temos que estar en garda ante o risco de retrocesos. Ante unha ultradereita que, por desgraza, xa está nas institucións e que ten nas persoas LGTBI+ e na diversidade un dos seus obxectivos, nin un paso atrás!

En CCOO, ao traballo sen armarios!

CCOO avanzamos na formación e sensibilización dos nosos delegados e delegadas e dotámolos de ferramentas transformadoras e útiles para mellorar a situación nas empresas. Destaca o noso «Documento de propostas de CCOO para a Negociación Colectiva», que inclúe modelos de cláusulas xerais de igualdade de trato e non discriminación e cláusulas específicas en materia de acceso ao emprego, formación, promoción, permisos ou saúde laboral, entre outras.

As nosas liñas estratéxicas en materia de emprego veñen recollidas, ademais, na nosa Plataforma Reivindicativa de Dereitos LGTBI+.

CCOO reclamamos:

CCOO avanzamos na formación e sensibilización dos nosos delegados e delegadas para defender os dereitos LGTBI+ nas empresas



— Cláusulas LGTBI+ nos convenios colectivos acordadas na negociación colectiva que sirvan para eliminar calquera discriminación laboral, garantir a formación e a sensibilización nas empresas e sancionar as condutas de acoso LGTBIfóbico, entre outras medidas.

— O recoñecemento da LGTBIfobia como risco psicosocial.

— A promoción no marco da empresa de protocolos para a prevención e actuación fronte ao acoso por motivos de orientación sexual, identidade de xénero e/ou expresión. Encomendar á negociación colectiva que se inclúan protocolos, medidas ou procedementos neste sentido nos convenios colectivos, e con especial atención á protección dos dereitos e liberdades.

— desenvolvemento e fomento da adopción de protocolos e medidas para persoas LGTBI+ no eido laboral, garantindo en todo momento que todos os dereitos laborais sigan intactos, incluíndo o dereito á intimidade e seguridade, independentemente da fase de transición en que se encontre se é persoa trans. No caso de cambio de nome rexistral, atenderase ao nome sentido.

— A promoción da negociación de plans específicos de inclusión e diversidade LGTBI+ nas empresas que fomenten a creación de ambientes de confianza e garantan fórmulas non discriminatorias de acceso, contratación e promoción, así como o gozo de todos os dereitos recoñecidos na empresa. Se é necesario, traballarase por adecuar os recoñecementos médicos ás diferentes realidades.

— O fomento dos currículos cegos nos procesos selectivos.

— O desenvolvemento de campañas de formación e sen-

CCOO organiza unha xornada de sensibilización

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia organizou o pasado 20 de xuño unha xornada de sensibilización para delegadas e delegados sindicais en materia LGTBI+.

Na clausura interveu a secretaria xeral de CCOO, Amelia Pérez. A dirixente sindical salientou a importancia de realizar este tipo de xornadas. «Aquí puidemos escoitar de primeira man vivencias de compañeiros e compañeiras que se viron discriminadas no seu posto de traballo por razón da súa orientación sexual», sinalou.

Como parte do compromiso do sindicato, «fixemos e seguiremos facendo un traballo intenso de loita pola igualdade no ámbito laboral» destacou –Amelia Pérez– co obxectivo de que estas traballadoras e traballadores poidan gozar plenamente da súa vida.

«As persoas non poden estar pechadas en armarios e o centro de traballo é un dos lugares onde máis horas pasamos acotío, polo que é imprescindible que os compañeiros e compañeiras LGTBI+ poidan ter un espazo seguro na súa empresa. Ninguna persoa debe renunciar a ser ela mesma para ter unhas condicións de vida e de traballo dignas», sintetizou a secretaria xeral.



Intervención da secretaria xeral na xornada LGTBI+ organizada polo sindicato o día 20 de xuño en Santiago de Compostela

Amelia Pérez: «Ninguna persoa debe renunciar a ser ela mesma para ter unhas condicións de vida e de traballo dignas»

Amelia Pérez rematou a súa intervención animando a todos os afiliados e afiliadas a que participen nas manifestacións convocadas en toda Galicia con motivo deste Día do Orgullo 2022. «Porque temos orgullo de ser nos centros de traballo e moito orgullo de ser de CCOO», concluíu.

sibilización en espazos laborais destinadas a erradicar a LGTBI+fobia.

— A formación do persoal de oficinas de inserción laboral co obxectivo de ofrecer unha atención integral ás persoas LGTBI+. Favorecerase unha atención específica a persoas trans que aborde a súa situación de desemprego derivada das dificultades de inserción, especialmente das mulleres trans.

— A inclusión das persoas trans nos programas de inserción laboral que se realizan para colectivos en situacións de exclusión e vulnerabilidade.

— A introdución no réxime sancionador da tipificación de discriminación por orientación sexual e/ou identidade de xénero a través da negociación colectiva.

— Ter en conta a transversalidade de medidas que garantan estes dereitos laborais no Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC).

— A proposta de actualización sobre espazos pechados nos vestiarios para garantir a intimidade das persoas.

— A incorporación de medidas específicas de non discriminación por motivos LGTBI+ no Estatuto Básico da Función Pública, así como o marco da Administración xeral do Estado, as leis autonómicas e o Estatuto das Persoas Traballadoras.

— Promover que nos pregos de contidos das Administracións públicas se valore que as empresas que opten a contratos públicos teñan desenvolvidas e apliquen medidas contra a discriminación por diversidade sexual, identidade e expresión de xénero.

En CCOO sumámonos ás reivindicacións do Orgullo este 2022 e animamos a toda a nosa afiliación a acudir aos actos e manifestacións que terán lugar en todo o territorio español.

Polo pasado, polo presente e, sobre todo, polo futuro, seguimos coa nosa loita polo #OrgulloDeSer no Traballo.

Tomamos **impulso**
TARGOBANK I AGRUPACIÓ I ATLANTIS

Indicador de risco para Conta próxima

1/6	O Banco está adscrito ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, creado polo Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro. Para depósitos en diñeiro, o importe máximo garantido é de 100.000 € por depositante en cada entidade de crédito.
Este número é indicativo do risco do produto, sendo 1/6 indicativo de menor risco e 6/6 de maior risco.	

Ser persoa afiliada ten as súas vantaxes!



ATLANTIS SANTIAGO	**Tel. 611 602 341**	**alicia.rodriguezabelleira@atlantisgrupo.es**
ATLANTIS A CORUÑA	**Tel. 689 126 116**	**juan.quintelasanchez@atlantisgrupo.es**
ATLANTIS FERROL	**Tel. 981 35 09 74**	**antonio.pitasanz@atlantisgrupo.es**
ATLANTIS VIGO	**Tel. 683 27 32 10**	**alfonso.gonzalezalvarez@atlantisgrupo.es**

As boas novas tamén veñen de dúas en dúas.

Por ser persoa afiliada a CCOO, agora podes conseguir[1]:

- a túa oferta bancaria e aseguradora de referencia**con vantaxes especiais para ti**;
- **30 €[2] ao abrires con nós unha Conta Próxima[3] de TARGOBANK** (que, por certo, podes facer directamente aquí). E así empezarás a xestionar mellor os teus gastos, ingresos e aforros do teu día a día nunha soa conta.

E ademais[1] ...

Se aínda non duplicaches o teu seguro, estás a tempo.

GRATIS X2

Multiplica x2
O capital do teu seguro de accidentes para a afiliación de CCOO, en caso de accidente laboral



Estamos impacientes por verte pronto coa túa Conta Próxima, porque iso si que é afiliarse para mellorar na túa vida!

Tomamos **impulso**

contactar@tomamosimpulso.com | 930039696 | 919023131
De luns a venres de 8:00 h a 20:00 h
www.tomamosimpulso.com

1 Promoción válida entre o 01/01/2022 e o 31/12/2022, incluídos os contratos de seguro con efecto máximo ata 01/01/2023.

2 Para os efectos fiscais desta promoción, a bonificación ten a consideración de rendemento do capital mobiliario dinerario para os titulares Conta Próxima. Para os suxeitos pasivos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o rendemento está sometido ao tipo de retención vixente no momento do aboamento, actualmente ao 19 %. A dita retención practicarase por TARGOBANK S.A.U. O importe da bonificación (37,04 €) deducida a retención a conta (7,04 €) será aboado na Conta Próxima por importe de 30,00 € netos. A retención a conta (7,04 €) e esta información quedará suxeita á correspondente declaración ante a Axencia Tributaria por TARGOBANK S.A.U. a nome dos titulares da conta.

3 Conta Próxima é un produto bancario da entidade TARGOBANK S.A.U. (NIF A-79223707), clave 0216 no Rexistro de Banco de España e domicilio social na rúa Ramírez Arellano, 29, 28043-Madrid, dispoñible para particulares, residentes, maiores de 18 anos. Máximo 2 titulares. Os titulares deben ter contratado con anterioridade o servizo de Banca a Distancia. Conta Próxima inclúe: conta de pago, conta de aforro, tarxeta de débito. Consulta condicións en www.tomamosimpulso.com.

Seguro de Accidentes asegurado por GACM SEGUROS GENERALES, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.U., NIF A-59575365, Rexistro DGSFP código C0708; con domicilio en estrada de Rubí, 72-74, Edif. Horizon, 08174 St. Cugat del Vallès (Barcelona) e distribuído a través de TARGOBANK, S.A.U., NIF A-79223707, entidade bancaria, con clave 0216, no Rexistro de Banco de España e operador banca-seguros vinculado, con clave OV0088, no Rexistro DGSyFP, con domicilio na rúa Ramírez de Arellano, nº 29, 28043-Madrid.

O operador de bancaseguros TARGOBANK, S.A.U. dispón dun seguro de responsabilidade civil profesional, de conformidade co Real decreto 3/2020, de transposición da Directiva 2016/97, sobre a distribución de seguros.

As entidades con contrato de axencia co operador pódense consultar no espazo información a cliente da nosa páxina web www.tomamosimpulso.com